

Con este tipo de páxina multimedia podemos crear unha páxina na que aparecerá un libro que o usuario poderá abrir para explorar o seu contido:

Xeografía de España
Clima Subtropical

- TEMPERATURAS

Nestas illas gozan de **invernos suaves** e **veráns bastante cálidos**, debido principalmente ás correntes mariñas procedentes do Atlántico e da súa situación con respecto ó Ecuador (latitude).

- PRECIPITACIÓNS

As precipitacións son **bastante escasas**, debido principalmente ós ventos secos que chegan do continente (África), onde ó leste das illas podemos atopar o deserto do Sahara, en África. Por mor disto, Lanzarote e Forteventura, que son as illas máis cercanas a África, son máis áridas. No resto das illas máis ó oeste, as precipitacións son un pouco máis abundantes; sobre todo na illa de Tenerife.

Mes	Precipitación (mm)	Temperatura (°C)
X	18.7	18.2
F	24	18.4
M	14	18.6
A	8	19.2
M	6	21.3
X	2	22.8
X	0	21.4
A	1	20.9
S	4	20.8
O	8	20.5
N	28	19.5
D	20	18.5

Climograma das Palmas de Gran Canaria.

3
4

Situando o punteiro do rato sobre a páxina esquerda ou a dereita non haberá máis que facer clic para cambiar á páxina anterior ou á seguinte respectivamente:

As precipitacións son **bastante escasas**, debido principalmente ós ventos secos que chegan do continente (África), onde ó leste das illas podemos atopar o deserto do Sahara, en África. Por mor disto, Lanzarote e Forteventura, que son as illas máis cercanas a África, son máis áridas. No resto das illas máis ó oeste, as precipitacións son un pouco máis abundantes; sobre todo na illa de Tenerife.

Climograma das Palmas de Gran Canaria.


N
d
Páx. Seguinte

3
5 6


Cando abrimos a ventá de edición, atopámonos con 3 pestanas: "Propiedades", "Páxina" e "Portada".

Pestana "Propiedades"

Recadro "Páxina web":



No campo "Título das páxinas" (1) escribiremos o texto que aparecerá na pestana do navegador cando teñamos aberta a páxina multimedia. No campo "Título" (2) escribiremos un pequeno texto que aparecerá na parte superior esquerda da páxina. Na caixa de texto "Comentario" (3) poderemos escribir un texto que seguirá ao título na páxina. Todo isto quedará fóra do que é o libro en si:




Na parte dereita atopamos os controis para formatar estes textos. Na parte superior podemos elixir o tipo (4), tamaño (5) e cor (6) da fonte do título, así como se queremos que estea en grosa (7). O tipo de letra afectará tamén ao texto dos comentarios.

Debaixo temos os controis para formatar o texto do comentario. Poderemos cambiar o tamaño (8), a cor (9) e os atributos de grosa, cursiva e subliñado (10).

Máis á dereita temos o botón (11) para inserir unha imaxe como fondo da páxina. Se a imaxe é máis pequena que o tamaño da páxina, coa lista despregable (12) podemos escoller se queremos que se sitúe na parte inferior central (bottom), no centro da páxina (center), na esquina superior esquerda (inherit), centrada na marxe esquerda (left), centrada na marxe dereita (right) ou na parte superior central (top). Así mesmo, coa lista despregable (13) podemos facer que a imaxe non se repita (non-repeat), que se repita ata ocupar toda a páxina (repeat), que se repita horizontalmente (repeat-x), ou que se repita verticalmente (repeat-e). Os espazos non cubertos por a/s imaxe/é veranse da cor de fondo que aparece no botón (7) que será a cor sólida por defecto do fondo da páxina cando non se insira ningunha imaxe.

Recadro "Booklet":




Aquí controlaremos as opcións que o usuario terá para manexar o libro. Marcar a casa "Permitir teclado" (1) habilitará ao usuario para poder pasar as páxinas do libro coas frechas do cursor. Ao marcar a casa (2) o usuario non poderá pasar as páxinas facendo clic, senón que terá que achegar o punteiro do rato ao bordo da páxina e cando esta se "dobre" pulsar no seu bordo e arrastrar para pasar de páxina.

Os campos (3) e (4) son editables, e aquí escribiremos os textos que aparecerán nas etiquetas emerxentes (ver 2ª imaxe na 1ª páxina deste manual) cando o usuario sitúe o punteiro do rato para pasar de páxina. Marcando a casa (5) faremos que nos bordos esquerdo e dereito do libro aparezan unhas grandes frechas triangulares que serán as que o usuario usará para facer clic e pasar de páxina. Marcando a casa "Auto-hide" (6) ditas frechas permanecerán ocultas ata que o usuario sitúe o punteiro do rato sobre a páxina correspondente.

Recadro "Páxina":

Aquí configuraremos as propiedades das páxinas interiores do libro:



Nos campos "Tamaño" (1) axustaremos o ancho e o alto das páxinas. Cos botóns (2) e (3) elixiremos o tipo (2) e o tamaño (3) da fonte por defecto para os textos das páxinas (isto poderá variarse posteriormente). Nos campos "Inicio" e "Fin" (4) indicaremos o número de páxinas que terá o noso libro; contaremos as páxinas interiores máis a portada (a contraportada non conta), polo que o número do campo "Fin" haberá de ser sempre impar. No campo (5) axustaremos o interlineado; ou sexa a separación entre as liñas dos textos das páxinas do libro; hai que pensar que este valor é a distancia entre as liñas base de cada liña e non entre a parte inferior dunha liña e a superior do outro.

Recadros "Fondo": se queremos elixir unha cor sólida para os fondos das nosas páxinas usaremos o botón (9); se non, podemos importar unha imaxe co botón (6) que fará de fondo. Se a imaxe é máis pequena que o tamaño da páxina, coa lista despregable (7) podemos escoller se queremos que se sitúe na parte inferior central (bottom), no centro da páxina (center), na esquina superior esquerda (inherit), centrada na marxe esquerda (left), centrada na marxe dereita (right) ou na parte superior central (top). Así mesmo, coa lista despregable (8) podemos facer que a imaxe non se repita (non-repeat), que se repita ata ocupar toda a páxina (repeat), que se repita horizontalmente (repeat-x), ou que se repita verticalmente (repeat-e). Os espazos non cubertos por a/s imaxe/é veranse da cor de fondo que aparece no botón (9). As páxinas pares poderán configurarse independentemente das impares usando os mesmos controis pero na parte dereita.

Recadro "Cabeceira/Nº":

Con estes controis configuraremos o encabezado e/ou o número de páxina en caso de que os

queiramos engadir ás nosas páxinas:

Encabezado

Nº de página

CLIMOGRAMA DAS PALMAS DE GRAN CANARIA
Ano 2010

Mes	Precipitación (mm)	Temperatura (°C)
X	18.1	18.2
F	24	18.4
M	14	18.6
A	8	19.2
M	6	21.3
X	2	23.1
X	0	22.8
A	1	21.4
S	4	20.9
O	8	19.3
N	28	18.2
D	20	18.2

Climograma das Palmas de Gran Canaria.

Atopámonos co seguinte:

1 Cabeceira

2 Fuente: Verdana, Geneva, sans-serif

3 **4** **5** **6** **7** **8** **9** **10** **11**

Nº

Fuente: Verdana, Geneva, sans-serif

10 **11**

Marcando a casa "Cabeceira" (1) faremos que apareza unha cabeceira nas páxinas do noso libro. Co botón (2) elixiremos a fonte para a mesma e co botón (3) a cor do texto. Coas casas (4) e (5) poremos o texto da cabeceira en grosa e cursiva respectivamente e no campo (6) axustaremos o tamaño da fonte.

Activando a casa (7) colocaremos unha liña horizontal dende o final do texto ata o bordo da páxina. Coas casas (8) e (9) faremos que o texto da cabeceira se aliñe á esquerda, á dereita ou ao centro nas páxinas impares (8) e nas pares (9) respectivamente. Finalmente nos campos (10) e (11) escribiremos o texto que aparecerá na cabeceira nas páxinas impares (10) e nas pares (11).

Na parte inferior aparecen exactamente os mesmos controis, pero neste caso para inserir o número de páxina na súa parte inferior. (Neste caso non hai campos para escribir os números senón que Ardora os calcula de forma automática).

Pestana "Páxina"

Aquí será onde insiramos o contido das nosas páxinas. Nesta pestana aparécenos unha táboa:

Nº	Texto	Imágenes
1	CLIMA SUBTROPICAL Como pode verse no ... clima seco e árido.
2	[*1] Zona de clima subtropical en España.	clima_subtropical.jpg
3	- TEMPERATURAS Nestas illas gozan de ... na illa de Tenerife.
4	[*1] Climograma das Palmas.	climograma_as_palmas.jpg
5	VEGETACIÓN SUBTROPICAL Debido a que ... a pita e o cardón.
6	[*1] Pita	pita.jpg
7	- REGIONES DE ALTITUDE MEDIANestas r... canaria ou o codeso.
8	[*1] Kesta canaria.	xesta_canaria.jpg

Facendo dobre clic nunha das filas da táboa (1) abrírase unha ventá emerxente que nos permitirá introducir e formatar os contidos da nosa páxina; unha vez rematado volveremos a esta pantalla, veremos que a fila está cuberta e poderemos facer dobre clic noutra fila para ir creando máis páxinas. Unha vez creadas todas as páxinas poden seleccionar unha delas (unha fila) e eliminala co botón vermello (2), así como reordenar as páxinas seleccionando a que queiramos mover e usando as frechas verdes (3) para situala no número que se desexe.

Edición de páxinas:

Ao facer dobre clic nunha das filas da táboa aparece unha ventá emerxente para inserir contidos na nosa páxina:



Por defecto, Ardora ofrece unha páxina en branco, así que desmarcamos a casa "En branco" (1) para que aparezan o resto de opcións na ventá. Se na pestana "Propiedades" creamos unha cabeceira, aquí teremos que desmarcar a casa "Cabeceira" (2) se queremos que apareza nesta páxina. Os controis do recadro "Fondo" (3), (5), (6) e (7) para inserir un fondo na páxina en vez da cor sólida, funcionan exactamente igual que o explicado anteriormente na pestana "Propiedades"; só indicar que haberá que marcar a casa (4) para activar a imaxe de fondo para a páxina en uso.

Na grande caixa de texto da esquerda (8) escribiremos os textos que queiramos que conteña a nosa páxina, e darémolles formato tal e como faríamos cun procesador de textos cos controis (9), aplicando (de esquerda a dereita) cor, tamaño, negra, cursiva ou subliñado respectivamente. Na parte inferior temos as casas (10) para poder aliar todos os textos da páxina a esquerda, dereita, centralos ou xustificalos, respectivamente.

IMPORTANTE: Se "pega" texto proveniente dunha web, un procesador de textos, etc é moi probable que teña o seu propio formato (fonte, tamaño de letra, subliñados, ...) para evitar resultados

inseperados é moi importante que primeiramente "pegue" ese texto no caderno de notas (Windows) ou gedit (linux), logo volva copiar ese texto dende ese programa e xa pode pegalo en Ardora, con isto garántese que o texto que introduce na páxina que esta creando é "plana" (non ten formato).


No recadro "*Embed*" (11a) pegaremos o código HTML dun obxecto (vídeo, mapa, etc.) de internet que queiramos incrustar na páxina. Co botón vermello eliminámolo cun clic deixando o campo baleiro. O código **[*E1]** será que teñamos que escribir nalgún lugar dentro da caixa de texto (11b) onde queiramos que apareza o obxecto incrustado.

No recadro "*Imaxes*" importaremos as imaxes que queiramos incluír na páxina pulsando no botón coa carpeta amarela (12a) para abrir o explorador de arquivos e que escoller unha imaxe que teñamos no noso equipo. Se, unha vez introducida queremos eliminala, usaremos o botón vermello. Se queremos inserir máis dunha imaxe na mesma páxina usamos o resto de botóns e repetimos a operación tantas veces necesitemos. Nos campos (13) axustaremos o ancho e o alto das imaxes respectivamente. Coas cascas de verificación (14) indicaremos se queremos que as nosas imaxes se aliñen á esquerda, á dereita ou ao centro respectivamente. Finalmente o código **[*1]** (12b) será o que teñamos que escribir nalgún lugar dentro da caixa de texto onde queiramos que apareza a imaxe. Se incluímos máis dunha imaxe, usaremos os códigos que hai á súa esquerda: **[*2]**, **[*3]**, **[*4]**, etc.

Unha vez finalizada a edición da páxina, pulsaremos no botón verde (15) para confirmar os cambios ou no botón vermello (16) para cancelalos.

Pestana "Portada"

Recadro "*Fondo*":



Os controis do recadro "*Fondo*" para inserir un fondo na páxina en vez da cor sólida co botón (1), funcionan exactamente igual que o explicado anteriormente na pestana "*Propiedades*". Se marcamos a casa (2) aplicaremos unha sombra a todo o contorno do libro.

Casa "*Portada*":

Marcando esta casa faremos que o noso libro teña "tapas", é dicir, unha páxina inicial onde poderemos poñer un título, unha imaxe... e unha páxina final ou contrachegada.


Portada



NOTA: Apuntar que unha vez teñamos creado un libro con portada e gardado er arquivo ARD, se posteriormente o abrimos para editar a portada, aínda que estea marcada esta casa os elementos da parte inferior non aparecerán na ventá de edición; neste caso abundaría con desmarcala e volvela marcar para recuperar estes elementos e a configuración que tiñamos gardada previamente.

Recadro "*Texto*":

No recadro "Texto" da parte superior estableceremos as características do título principal da nosa portada: escribiremos o título do libro no campo (1), elixiremos o tipo de letra no campo (2), a cor co botón (3), coas casas (4), (5) e (6) podemos aplicar grosa, cursiva e subliñado respectivamente, e co campo (7) axustaremos o tamaño.



O recadro texto da parte inferior é exactamente igual a este, salvo que aquí traballariamos as características do subtítulo ou pé de páxina, que aparecería debaixo do título ou, en caso de engadir unha imaxe, debaixo da imaxe.

Recadro "Imaxe":

Aquí podemos inserir unha imaxe na nosa portada que aparecería no seu centro; usaremos o botón (1) para buscala no noso equipo. O campo (2) serve para regular o grosor da liña ou marco que rodeará a imaxe da cor que especifiquemos co botón (3); para eliminalo dariámoslle valor 0 a este

campo. Finalmente nos campos (4) axustaremos as dimensións do ancho e do alto da imaxe; esta manterá sempre as súas proporcións axustando o seu tamaño de forma automática á dimensión de menor valor.

